UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | | 2012/13 |
| Asignatura (*) | Inclusión educativa e adaptación do currículo | | | Código | 652G04011 |
| Titulación | Grao en Logopedia | | | | |
| Descriptores | | | | | |
| Ciclo | Período | | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuadrimestre | | Segundo | Formación básica | 6 |
| Idioma | Galego | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Pedagoxía e Didáctica | | | | |
| Coordinación | Castro Rodríguez, Mª Montserrat | Correo electrónico | maria.castror@udc.es | | |
| Profesorado | Castro Rodríguez, Mª Montserrat | Correo electrónico | maria.castror@udc.es | | |
| Web | | | | | |
| Descrición xeral | Nesta materia pretendemos que o alumnado do Grao de Logopedia se aproxime ao coñecemento das características, posibilidades, dificultades e beneficios dunha proposta educativa que promova a inclusión educativa. Tal como a experiencia e a reflexión profesional acredita, a escola inclusiva responde a unha construción colectiva, plenamente activa e participativa de toda a comunidade. O traballo colaborativo entre profesionais constitúese nun elemento clave tanto para o coñecemento das necesidades de cada contexto, de cada persoa, como a planificación e posta en práctica de proxectos e propostas educativas que promova a inclusión educativa e por supostos, en consoacia, a inclusión social. De aí que consideremos, que a profesional da logopedia pode e debe xogar un papel coprotagonista co resto de actores e actrices na construción colectiva deste proxecto educativo e social. | | | | |

| Competencias da titulación | |
|---|---|
| Código | Competencias da titulación |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe) | Competencias da titulación | | |
| A4Conocer e integrar os fundamentos educativos da Logopedia: Procesos de ensino e aprendizaxe<br>A | | | |
| A14. Coñecer as funcións da Intervención Logopédica: prevención, educación, reeducación, rehabilitación e tratamento | | | |
| A16 Conocer as características diferenciais da intervención logopédica no ámbito escolar | | | |
| A23 Coñecer, aplicar e valorar críticamente as técnicas pedagóxicas, así como os recursos metodolóxicos e didácticos para o ensino da linguaxe. | | | |
| A28 Adquirir un coñecemento práctico na intervención logopédica (formación práctica en ámbitos escolares). | | | |
| B3 Apreciar as distintas manifestaciones da diversidade. | | | |
| B23 Traballar de forma colaborativa cos distintos profesionais que interveñen sobre o alumnado. | | | |
| B24 Traballar de forma interdisciplinar co profesorado e cos distintos membros dos departamentos de Orientación. | | | |
| C.2. Respetar a diversidade lingüística do entorno social e realizar una intervención logopédica basada en este respeto, utilizando na rehabilitación a lingua de uso mais frecuente do suxeito. | | | |
| B.25. Saber incardinar o apoio logopédico dentrro da estrutura complexa de apoios que precisan as persoas con discapacidade | | | |
| A.29. Comprender o significado das adaptacións do currículo no marco dunha perspectiva inclusiva. | | | |
| A25.Coñecer a organización de institucións educativas, sanitarias e sociais | | | |
| B4. Aprender a aprender | | | |
| B1. Acceso, selección e xestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional | | | |
| B6. Capacidade de adaptarser aos cambios | | | |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |

| | |
|---|---|
| Bloque temático I: A resposta á diversidade no ámbito educativo : Evolución e modelos | 1. A resposta á diversidade: factores sociais, políticos e psicopedagóxicos<br><br>2. Da educación segregada á educación integrada<br><br>3. A inclusión educativa: Principios e recursos estratéxicos |
| Bloque temático II:A atención aos problemas de linguaxe nunha escola inclusiva | 1. A linguaxe como instrumento de mediación na comunicación didáctica.<br><br>2. Os problemas de linguaxe e a súa incidencia no rendemento escolar.<br><br>3. A Cooperación entre profesorado e logopedas<br><br>4. Organización do apoio logopédico desde unha perspectiva inclusiva.<br><br>5. A implicación da comunidade educativa no proceso educativo |
| Bloque temático III: As Necesidades educativas especiais na esfera da linguaxe: Resposta educativa | 1. Retrasos de linguaxe derivados de deprivación social: intervención educativa<br><br>2. Discapacidade auditiva e linguaxe : Aspectos educativos<br><br>3. Discapacidade motórica e linguaxe: Aspectos educativos<br><br>4. Discapacidade intelectual e linguaxe: Aspectos educativos<br><br>5. Trastornos do Desenvolvemento e linguaxe: Aspectos educativos |
| Bloque Temático IV: Curriculum e Adaptacións curriculares na esfera da linguaxe. | 1. Currículo e inclusión educativa<br><br>2. Adaptacións curriculares na esfera da linguaxe<br><br>3. O papel do logopeda no deseño e desenvolvemento das adaptacións curriculares.<br><br>4. Estratexias, medios e recursos para as adaptacións curriculares na esfera da linguaxe. |
| Bloque temático V: Problemas psicosociais e linguaxe | 1. Desigualdades sociais e linguaxe<br><br>2. Alumnado estranxeiro e adaptacións da linguaxe |

| Planificación | | | |
|---|---|---|---|
| Metodoloxías / probas | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Discusión dirixida | 10 | 6 | 16 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Estudo de casos | 8 | 12 | 20 |
| Portafolios do alumno | 15 | 20 | 35 |
| Investigación (Proxecto de investigación) | 2 | 12 | 14 |
| Proba de resposta breve | 2 | 5 | 7 |
| Aprendizaxe colaborativa | 2 | 7 | 9 |
| Lecturas | 1 | 8.5 | 9.5 |
| Presentación oral | 1.5 | 3 | 4.5 |
| Traballos tutelados | 2 | 10 | 12 |
| Sesión maxistral | 15 | 5 | 20 |
| Atención personalizada | 3 | 0 | 3 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Discusión dirixida | Organizaranse debates en gran grupo e pequeno grupo sobre temas presentados nas actividades iniciais |
| Estudo de casos | Analizaranse casos presentados en diversos formatos: video, texto, oral, etc. |
| Portafolios do alumno | O porfatolios vai ser un instrumento clave para o alumnado durante toda a materia. Sobre todo preténdese que a partir da recolleita da información, reflexione e enriqueza os contidos que lle achega a materia, tratando deste xeito de irse aproximando aos seus propios intereses como futuro profesional da logopedia, sen perder a perspectiva de que o seu traballo debe formar parte do desenvolto por equipos interdisciplinares, que traballan dentro e fóra da aula. |
| Investigación (Proxecto de investigación) | Cada persoa ou equipo terá que buscar experiencias de innovación educativa no ámbito da atención á diversidade e educación especial que procuren a inclusión educativa |
| Proba de resposta breve | O alumnado terá que facer unha proba sobre os contidos básicos da materia. A proba consistirá en preguntas breves, que o alumnado terá que responder tendo en conta a súa opinión fundamentada e/ou contrastada coas doutros autores e autores traballadas na materia. |
| Aprendizaxe colaborativa | Un dos eixos fundamentais da materia será a aprendizaxe colaborativa tanto dentro como fóra da aula. |
| Lecturas | Na aula proporcionaranse unha serie de lecturas que terán que ler todos os alumnos e alumnas. Ademais para a preparación da materia, o alumnado poderán realizar outras lecturas complementarias recollidas na bibliografía, achegadas polo profesorado ou seleccionadas polo propio alumnado. |
| Presentación oral | O alumnado terá que intervir oralmente na presentación de resultados de pequenas pescudas, de postas en común, etc. |
| Traballos tutelados | O alumnado terá que facer breves traballos de investigación e reflexión, tomando como obxecto de estudo contidos do temario, que sexan do seu interese. |
| Sesión maxistral | Presentarase oralmente a información máis esencial de cada bloque temático e orientarase ao alumnado sobre como ampliar os coñecementos sobre o mesmo. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Portafolios do alumno<br>Estudo de casos<br>Investigación (Proxecto de investigación)<br>Traballos tutelados | Realizaranse titorías grupais co alumnado que está desenvolvendo cada un dos subtemas que completan o tema xeral que se aborda mediante aprendizaxe colaborativa.<br><br>Presentarase na aula casos de alumnos ou alumnas con diferentes problemáticas relacionadas coa linguaxe e abordarase a análise dun xeito integral. Os estudantes deben realizar o diagnóstico educativo e a proposta de intervención pedagóxica. Nesta tarefa a profesora realizará un seguimento periódico mediante atención persoalizada.<br><br>Resulta imprescindible para o alumnado non asistente que manteña unha frecuente comunicación coa docente para a preparación da materia. |

| Avaliación | | |
|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Portafolios do alumno | -Integración dos contidos abordados na aula<br>-Reflexión e opinión persoal<br>-Ampliación de coñecementos empregando as fontes documentais e investigación persoal.<br>-Aplicabilidade ao teu traballo como logopeda. | 40 |
| Investigación (Proxecto de investigación) | Realización duha investigación sobre experiencias innovadoras para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e daquelas que fomenten a inclusión educativa de todo o alumnado na aula ordinaria, no centro e na sociedade | 30 |
| Proba de resposta breve | Ao alumnado propoñerémoslle unha serie de preguntas curtas sobre distintos temas abordados na materia, sobre os que terá que disertar tendo como referentes a súa opinión persoal fundamentada e enriquecida coas achegas bibliográficas suxeridas na bibliografía e/ou expostas na clase. | 30 |

| Observacións avaliación |
|---|
| INFORMACIÓN PARA O ALUMNADO NON ASISTENTE<br>Segundo a participación do alumnado na materia, para a avaliación hai dúas opcións: Opción A. Para o alumnado que segue o sistema ECTS, aquel que regularmente asiste/participa nas actividades de clase (80%). Neste caso o sistema de avaliación será o descrito anteriormente a través das actividades do portafolios, proxecto de investigación, solución de problemas e unha proba mixta. Opción B. Para o alumnado que non segue o sistema ECTS, aquel que non asiste/participa regularmente ás actividades de clase (< 80%). Neste caso o sistema de avaliación farase sobre: a) Realización dun proxecto de investigación (30%) b)  Unha proposta de intervención dende unha perspectiva inclusiva (20%) c) Unha proba escrita sobre os contidos da materia, cun peso na avaliación do 50% e para a súa preparación empregarase a bibliografía presentada pola profesora. <br>O alumnado non asistente terá que poñerse en contacto coa profesora ben en persoa ou a través de correo electrónico para a organización da materia |

| Fontes de información |
|---|

| | |
|---|---|
| Bibliografía básica | - RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ J (2006). A elaboración e adaptación dos materiais curriculares. NEG e Concello de Santiago, Departamento de Educación e Mocidade<br>- NÚÑEZ MAYÁN, M.T. (2007). Apoyo dentro o fuera del aula: un dilema resuelto en la teoría pero no en la práctica profesional. Huelva: Servicio de publicaciones de la Universidad de Huelva<br>- MENDOZA, E. e outros (2005). Comprensión gramatical y rendimiento académico. Revista de Logopedia, Foniatría y Audiología<br>- TORRES SANTOMÉ, J. (2010). Curriculum, justicia e inclusión. Madrid: Ediciones Morata<br>- NÚÑEZ MAYÁN, M.T. (2008). De la segregación a la inclusión. Laiovento<br>- ACOSTA, Victor (2003). Dificultades del lenguaje, colaboración e inclusión educativa. Manual para logopedas, psicopedagogos y profesores. Ars Médica<br>- NÚÑEZ MAYÁN, M.T. (1996). Documento de adaptación do curriculum. Quinesia, 23<br>- Alessio, S. D'; Donelly, V. e Watkins, A. (2010). Educación inclusiva en Europa: el cambio del pensamiento de la integración a l inclusión. Revista de Psicología y Educación<br>- ECHEITA (2006). Educación para la inclusión o educación sin exclusiones. Narcea<br>- GARCÍA PASTOR,C (2005). Educación y diversidad. Aljibe<br>- ACOSTA, V.M. (2006). Efectos de la intervención y el apoyo mediante prácticas colaborativas sobre el lenguaje del alumnado con necesidades específicas. Revista de Logopedia, Foniatría y Audiología<br>- GINÉ, C. (2005). El asesoramiento desde la perspectiva de la eduación inclusiva. Barcelona: Graó<br>- GALLEGO VEGA, M. C. e PARRILLA, A. (2003). El desarrollo de grupos de apoyo entre profesores como estrategia de asesoramiento interno en los centros educativos. Temáticas Escuela<br>- MONFORT, M y JUAREZ, A (1987). El niño que habla. CEPE<br>- TOMLINSON, C.A. (2006). Estrategias para trabajar con la diversidad en el aula. Buenos Aires: Paidós<br>- BARTON,L (2009). Estudios sobre la discapacidad y la búsqueda de la inclusividad: observaciones. Revista de Educación,<br>- VIGO ARRAZOLA, B. e OUTROS (2005). Hacia la formación de profesionales de apoyo para la atención a la diversidad, ¿una competencia reconocida?. Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado<br>- ACOSTA, V.M. e OUTROS (2011). Intervención sobre la conciencia fonolóxica en sujetos con trastorno específico del lenguaje en contextos inclusivos: posibilidades y limitaciones. Bordón<br>- TORRES SANTOMÉ J. (2011). ¡Justicia curricular: el caballo de Troya de la cultura escolar. Madrid: Morata<br>- CASTEJÓN, L.A. e ESPAÑA, A. (2004). La colaboración logopeda-maestro: hacia un modelo inclusivo de intervención de dificultades del lenguaje. Revista de Logopedia, Foniatría y Audiología<br>- TORRE, E. (2002). La comunicación educativa. Retos. Nuevas tendencias en la Educación Física, Deporte y Recreación<br>- CASTRO, M.M., FERRER, G.; MAJADO, M.F., RODRÍGUEZ, J.; VERA, J.; ZAGRA, M.; e ZAPICO, H. (2007). La comunidad en la escuela. La escuela en la comunidad. Graó<br>- RODRÍGUEZ CUELLO, E (2011). La deficiencia motora: características, necesidades educativas especiales e internción del maestro/a de audición y lenguaje con los alumnos/as que las padecen. Revista Digital: Reflexiones y Experiencias Innovadoras en el Aula<br>- VERDUGO M.A. e RODRÍGUEZ, A. (2012). La inclusión educativa en España desde la perspectiva de alumnos con discapacidad intelectual, de familias y de profesionales. Revista de Educación<br>- NAVARRO REYES, M. (2011). Medidas educativas y organizativas de atención a la diversidad que mejoran el rendimiento escolar en el IES Sierra de los Filabres de Serón (Almerón). Espiral. Cuadernos del profesorado<br>- MOSQUERA PAREDES, S (2009). Na túa propia pel. Loitar e seguir sempre adiante. Voces<br>- MOLINA, J. e ILLÁN,N. (2008). Propuesta de un currículo integrado. Editorial MAD<br>- NÚÑEZ MAYÁN, M.T. (2008). ¿Normalizar ou volver ás diferencias?. Revista Galega de educación |

| | |
|---|---|
| **Bibliografía complementaria** | - LOZANO MARTÍNEZ, J. e FAURA PALAO, C. (1998). Adaptaciones curriculares como respuesta educativa a las necesidades de un niño autista. Anales de Pedagogía. Revista de Curriculum y Formación del Profesorado<br>- BUENO AGUILAR, J. J. (1991). Comparación del lenguaje funcional entre niños de educación especial y a niños normales. Enseñanza & teaching: Revista interuniversitaria de didáctica<br>- SALES CIGES, A. e OUTROS (2010). Estudio de la eficacia académica de las medidas específicas de Atención a la Diversidad desde la percepción de los implicados. ESE. Estudios sobre Educación<br>- ARIZA PÉREZ, M. A. e TRUJILLO SÁEZ, F.  (2006). Experiencias educativas en aprendizaje cooperativo. Granada: Grupo Editorial Universitario<br>- DÍAZ PAREJA, E. M. (2002). Importancia de la "voz del alumno" para decubrir sus necesidades. Anuario Interuniversitario de Didáctica<br>- CASTEJÓN, L.A. e OUTROS (2008). La escuela inclusiva ante los alumnos tartamudos: actitudes y emociones en la relación educativa. Revista de Educación<br>- MOLINA GARCÍA, S. E RÍOS, O. (2010). La inclusión del alumnado con discapacidad en las Comunidades de Aprendizaje. Psychology, Society and Education<br>- TORRES SANTOMÉ, J. (2011). La justicia curricular. El caballo de Troya de la cultura escolar. Madrid: Ediciones Morata<br>- CIFUENTES, A. e FERNÁNDEZ, M. (2010). Procesos de transformación de un centro educativo en comunidad de aprendizaje. Revista Electrónica Interuniversitaria de Formación del Profesorado<br>- FERNÁNDEZ TILVE, D. e MALVAR MÉNDEZ, M. L. (2006). Proyecto educativo de centro, programación de aula, unidad didáctica, adaptación curricular individualizada: tareas indispensables en la labor docente:ejemplificaciones. Santiago de Compostela:Tórculo<br>- CASTRO RODRÍGUEZ, M.M. e OUTROS (2007). Un material hecho a medida. Cuadernos de Educación<br>- BUENO AGUILAR, J. J. (1991). Un modelo de análisis de las funciones lingüísticas para el estudio del lenguaje en niños de educación especial. Temas actuales de la educación especial: Actas de las VI Jornadas de Universidades y Eduación Especi |

| **Recomendacións** |
|---|
| **Materias que se recomenda ter cursado previamente** |
| |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |
| |
| **Materias que continúan o temario** |
| |
| **Observacións** |
| |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**